



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Proposta de Nomeamento Auxiliar de Axuda no Fogar. Persoal laboral fixo

Por Resolución desta Alcaldía nº 172/2023 de data 18 de abril de 2023, apróbase a relación de aspirantes aprobados e a relación de aspirantes de reserva do proceso selectivo para a provisión en propiedade por persoal laboral fixo de nove prazas de Auxiliares de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Monfero, pertencentes ao grupo Agrupacións profesionais (Grupo E da Lei 30/1984), incluída na OEP extraordinaria de estabilización de emprego temporal do Concello de Monfero de 2022.

Por Resolución desta Alcaldía nº 262/2023, de data 22 de xuño de 2023, apróbase a proposta de nomeamento da ALLEGUE ESPÍNEIRA, ROCÍO, con DNI nº ***9724**, como persoal laboral fixo no posto de Auxiliar de Axuda no Fogar no Concello de Monfero, requirindo á persoa proposta para o nomeamento, para que no prazo de vinte (20) días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, presente no Rexistro Xeral do Concello de Monfero, os seguintes documentos:

- a) Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.
- b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso e orixinais dos documentos acreditativos dos méritos alegados e valorados.
- c) Certificado médico actualizado -considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente
- d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas do citado proceso selectivo.
- f) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- g) Certificación da titularidade da conta bancaria na que se aboarán as súas retribucións.
- h) Calquera outro documento requirido nas bases específicas da convocatoria para participar no proceso selectivo, debidamente compulsado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O aspirante proposto, ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, poderá acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Se dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, o aspirante proposto non presentase a documentación ou non reunira os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa instancia para tomar parte no proceso selectivo.

Contra a presente Resolución, as persoas interesadas poderán facer uso da vía impugnatoria que consideren oportuna, conforme ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Monfero, 22 de xuño de 2023
O Alcalde,

Andrés Feal Varela